

Víctor Ruppen e o cine galego contemporáneo: unha entrañable utopía

JOSÉ M^ª FOLGAR DE LA CALLE, RITA MARTÍN SÁNCHEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMEN

A procura dun cinema galego de seu ten unha longa xestación, que só acadou a súa existencia nos derradeiros anos deste século. Na vida galega sen espectáculo propio de cine hai, sen embargo, figuras que tentaron romper-la situación. Na segunda metade dos anos 70, V. Ruppen é un exemplo senlleiro destas intencións.

Palabras clave: Patrocinador cinematográfico, curtametraxe, exhibición na Coruña, Víctor Ruppen.

ABSTRACT

The search of a Galician cinema of its own suffered a lengthy birth and it only took place during the latest years of this century. Nevertheless a few relevant figures tried to change the situation, among other it is worth mentioning Víctor Ruppen, a remarkable example during the second half of the 70's.

Keywords: Film promoter, short film, showing in A Coruña, Víctor Ruppen.

Víctor Ruppen Pardo (A Coruña, 1940) é un termo de referencia ineludible no desenrolo da conformación contemporánea do cinema galego, e máis en concreto no dos anos 70.

Nalgunhas historias sobre o cine actual da nosa comunidade Ruppen aparece cualificado como “mecenas”, e as súas promocións como froito do seu “mecenado”.

Nós queremos, desde un principio, senta-las bases da súa situación con relación ó concepto de “mecenas”. Pensamos que, de ser válida a aplicación, será dun xeito un

tanto diferente da significación canónica do termo: “persoa rica ou poderosa que patrocina os literatos, sabios ou artistas” (*Diccionario da Real Academia Galega*, voz “meceñas”).

A infancia e adolescencia de Ruppen Pardo transcorren na Coruña nos anos da inmediata postguerra e, como sucedía coa meirande parte dos cidadáns españois daqueles anos, a asistencia ás sesións cinematográficas constituía a súa principal fonte de ocio e de cultura. Nesta afección está a orixe da súa decisión de estudar dirección cinematográfica, desexo que non puido levar a cabo ó remate dos seus estudos de bacharelato, posto que a súa familia preferiu que se adicara a unha profesión máis rendable e convencional.

En Madrid segue a carreira de arquitectura técnica, que finaliza en 1963. Na súa estancia na capital do estado frecuenta os cineclubes universitarios sendo, como complemento case obrigado naqueles anos, lector asiduo das dúas revistas máis emblemáticas da época, *Film ideal* e *Nuestro cine*.

De regreso na Coruña, comeza a exercer-la profesión. Un dos seus primeiros traballos foi a eirexa de Santa Gemma, deseñada polo arquitecto Andrés Fernández-Albalat. Sen embargo, non deixa a súa querencia cinematográfica pois colabora co cineclubes “Coruña”, e se relaciona con varios amigos da cidade, tamén interesados polo cine.

A súa primeira intervención na industria cinematográfica, na rama da distribución, foi na primeira metade dos anos 70. Con Javier Ozores, e con outros afeccionados coñecidos seus, participa economicamente na creación da empresa distribuidora “Musidora” en Madrid. Ozores (A Coruña, 1942) cineasta “amateur” vai ser, con posterioridade, un notable industrial do cine en Galicia: primeiro como propietario de “Los Films de El Buho”, que participa (entre outros filmes) en *El baile de las ánimas*, (Pedro Carvajal, 1993); logo, como socio de Luis Megino na productora “Luis Megino, P.C.”, marca que amparou varias cintas de Manuel Gutiérrez Aragón.

Musidora foi unha novidade no panorama da exhibición en España. O seu impulsor, Javier Garcillán (quen deixou unha prometedorra carreira de inxeniero agrónomo) sentiuse abraiado polo filme *Aguirre, der Zorn Gottes* (W. Herzog, 1973). Para difundir no mercado español obras desta categoría, adquire os seus dereitos para o noso país, xunto con documentais musicais (concertos de grupos como “Who” ou “Pink Floyd”), que oferta en versión orixinal subtitulada. Nun principio, o capital fundador de Musidora era coruñés case nun 50%. Como corolario desta firma sucede a construción e posta en funcionamento dos cines “Alphaville”, tamén en Madrid, e Ruppen entra na sociedade creada ó efecto. O seu traballo incide directamente no campo cinematográfico a través da súa participación na construción de salas na Coruña (o cine Valle Inclán, deseño do arquitecto Manuel Andrés Reboredo), e no primeiro proxecto dos multicines Valle Inclán, en Santiago. Estas novas construcións responden ós cambios que daquela había na recepción do espectáculo cinematográfico na sociedade española. Con posterioridade, Ruppen colabora na edificación dos cines “Golem”, en San Sebastián/Donostia.

O mesmo tempo, Ruppen é patrocinador da librería “Lume”, na Coruña, que responde a unha demanda nova, por parte dun público fundamentalmente xove (de maneira similar, abríranse en Santiago as librerías “Couceiro”, 1969, e “Follas Novas”, 1972). Sen chegar a te-lo peso da famosa “Cova Céltica”, Lume vai ser na capital coruñesa, durante uns anos, un centro difusor do libro en galego, e tamén por outro curto período de tempo, sede do “Patronato do cine galego”, que distribuiría as películas de Ruppen¹, das que imos falar.

Un “azar rohmeriano” achegará a Víctor Ruppen á produción de cine galego.

Antonio F. Simón filmaba *Fendetestas*, a partir de *El bosque animado* de Wenceslao Fernández Flórez. A prensa local recolleu informacións de que a súa rodaxe tiña graves atrancos de financiación, que ameazaban o seu remate. Ruppen pasaba os seus veraneos en Cecebre, onde -cando era neno- tratara ó famoso escritor e polo que sentía, e sente, un especial agarimo. O coñece-las dificultades da rodaxe, Ruppen decide axudar a Simón, poñendo os cartos necesarios para acaba-lo proxecto.

Antonio F. Simón (A Coruña 1949) que dirixiu unha das últimas longametraxes galegas de ficción, *A noiva de medianoite* (1998), sobre un guión de Xosé Rubia Barcia e Luis Buñuel, procedía do teatro. Antes de 1975, ano de *Fendetestas*, fixera varios traballos en formato subestándar, en Super 8 mm. Simón tamén é coautor do guión deste filme, xunto con Miguel Gato. Ambolos dous, Gato e Simón son, con Enrique R. Baixeras, Juan Cuesta, Miguel Castelo, Francisco Taxes e Xavier Villaverde “discípulos” de José Ernesto Díaz Noriega, un cineista amateur que exerceu unha docencia moi particular a finais do sesenta e principios dos setenta na Coruña, cidade onde foi destinado polo seu traballo na administración do Estado. Case todos eles foron axudados por Ruppen.

Víctor Ruppen estaba nun bo momento dos seus negocios, canalizados a través da súa empresa de construción “Urbilar”, e financiou, podemos dicir que a fondo perdido, o custo restante da produción de *Fendetestas*.

Nese ano de 1975, Ruppen patrocina, así mesmo, a produción de *Illa*, de Carlos A. López Piñeiro (A Coruña, 1950).

Fendetestas e *Illa*, cintas en 35 mm. e 16 mm respectivamente, aínda que tiñan unha duración acomercial (31 e 18 min.) sinalan o inicio duns anos de grande actividade cinematográfica en Galicia, e tamén, ou millor dito, a causa do comezo da curta, pero fructífera, adicación de Ruppen á promoción do cine galego.

López Piñeiro, que está nos primeiros pasos da xeira cinematográfica de Ruppen, vai estar en 1979-1980 con *Malapata*, no desastroso primeiro intento dunha longametraxe galega, filme que así mesmo foi a derradeira produción de Ruppen.

¹ O precio do seu aluguer oscilaba entre as dúas mil e as catro mil pesetas. V. M. González, *Documentos para a historia do cine en Galicia. 1970/1990*. A Coruña. Cgai, 1992, pág. 226. Sobre o Patronato, ver páxs. 234-5.

1975-1980 son anos nos que a sociedade española, e a galega por suposto, vive unha etapa de efervescencia política despois do período franquista. Empregamos verbas do propio Ruppen para achegarnos a ese tempo:

“Estábamos en un contexto muy politizado. Aparece la pregunta de qué cine hacer. Para mí el cine no está en la historia, está en cómo se cuenta, y cuando se cuenta está... John Ford. La gente que estaba influenciada por el momento político iba a lo que se contaba. Pero nunca influí en ellos, yo no los cuestionaba. Me interesaba más que existiese cine gallego y el grupo que lo hacía, que cómo existiese”²

Tomamos como complemento a este “flash-back” vivencial, unhas ideas de Simón, expresadas nunha entrevista que J. Hernández Les publicou en 1976 na revista *Cinema* 2002:

“Yo creo que todos hemos sido muy conscientes de lo que queríamos hacer y a dónde pretendíamos llegar. No hay nada de casualidad. Se eligieron los temas que creíamos idóneos en ese momento. Cualquier tema honesto es suficiente y válido para ese aprendizaje (...) Yo -esto que decía Ruppen lo he repetido mil veces en los coloquios (...) - pienso que sólo puede existir el cine gallego cuando exista un público que pueda consumirlo económica y culturalmente, que se sienta identificado con ese cine (...) El cine es un hecho que componen los que lo realizan y los que lo ven”³

Hai vinte anos, o cinema que se empezaba a facer en Galicia, curtas e mediametaxes en diversos formatos, reflectía boa parte das inxerencias políticas de sectores nacionalistas. Non debemos esquecer que as “Xornadas do cine en Ourense” eran unha das plataformas de reivindicación da identidade nacional galega, a través da práctica das manifestacións da cultura: arte, música, teatro. Foi sobre todo no ámbito desas Xornadas onde proxectaron as súas obras os creadores financiados por Ruppen. Eles escolleron unha vía de difusión: a de constituir un grupo de profesionais que traballaran no cine, e que lograran exhibir as súas obras nas salas comerciais. A outra vía, moito máis radicalizada politicamente, pensaba no cine como unha arma cultural, á maneira de certos autores sudamericanos como Miguel Littin ou Jorge Sanjinés⁴.

A actitude de Ruppen que, daquela, podía ser considerada como unha aposta burguesa polo cinema, veu ser para estes anos finais do século como unha profecía. A liña do “cinema como arma dun pobo” está hoxe por hoxe en paradeiro descoñecido.

2 O director John Ford (1895-1973) tiña unha especial inclinación polos militares e as súas andainas. En varios países europeos foi considerado por sectores radicais da crítica e da historiografía como un director conservador, e ata reaccionario. A reivindicación de Ruppen tiña, forzosamente, que contrastar coa postura política deses xoves “aprendices” de cineastas.

3 En M. González, *Ob. cit.*, páx. 199.

4 Cfr. M. González, “Presentación”, en *Llorenç Soler. Dunha beira a outra*. Betanzos. Cgai (A Coruña), 1994, páxs. 9-10.

Tendo en conta estes condicionamentos, a postura dun produtor atípico como Ruppen que pretende ser fiel ós seus principios, á súa idea do cine como linguaxe universal, levouno a rexeitar calquera manipulación partidista. Para el non era necesaria unha vontade explícita de “ser galego”:

“Para mí el tema no es cómo lo quieres hacer tú, sino como te ven los demás. Siempre que hablaba con estos chavales les decía: Vosotros haced cine. Porque aunque no nos demos cuenta, los demás, cuando lo ven, dicen, “¿qué forma tan rara tiene esa gente de hablar de la vida, de la muerte, de la amistad!” Ese cómo nos ven, que ven que es extraño, es la forma de ser gallego”.

Ademáis dos filmes xa nomeados, Ruppen ampara a rodaxe e, logo, a difusión de *O herdeiro* (Miguel Gato, 1976), *O cadaleito* (Enrique Rodríguez Baixeras, 1976), *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1977).

A cantidade investida polo empresario non chegou ós tres millóns de pesetas. Coidamos que son números relativamente considerables para a época. Según Antonio Francisco Simón, o custo de *Fendetestas* ascendeu a unhas 700.000 pesetas. En *O cadaleito*, a máis cara polo emprego de infraestrutura técnica profesional, gastouse un millón e medio. As cantidades nomeadas (esto é válido para os outros filmes) empregábanse no pago da película virxe, procesado nos laboratorios e tiraxe da copia, posto que os membros dos equipos técnicos e artísticos non percibían salario algún, a non ser profesionais como Tote Trenas (cámara) ou Javier Maqua (montaxe).

O produtor pensaba na rentabilización das cintas, para unha reinversión. As evidentes dificultades nos circuitos comerciais orixinaron en 1978 a creación da empresa coruñesa “Rula. Difusora cultural galega” que, entre outras actividades, sirveu para a distribución dos mesmos. Aínda así, as súas carreiras comerciais foron moi breves, tanto como a da distribuidora, que pechou en 1980.

Ese data vai ser un “annus terribilis” para o cinema galego. *Malapata*, á que Ruppen aporta unha cantidade pouco significativa para a súa produción, sinala unha “impasse” na cronoloxía do non nacido cinema galego que non volverá ter ata o 1984 outra referencia paradigmática: *Mamasunción*, de Chano Piñeiro.

Pola súa parte, a empresa Urbilar creba nese momento. Orixínase un grave problema que afasta da financiación cinematográfica a Víctor Ruppen.

Sen embargo, Ruppen que axudara indirectamente á produción de filmes como *Circos* (Xavier Villaverde, 1979), interesando na súa rodaxe á Caixa de aforros de Galicia, continuará con este tipo de accións con outros noveles, como Alber Ponte, ó conseguí-la financiación da empresa leiteira Feiraco para o seu filme *Atlántico express* (1993).

Hoxendía Ruppen Pardo mantén unha pequena relación económica co cinema. Por unha parte, é o propietario das curtametraxes que promocionou, e percibe os dereitos de antena pola súa emisión en televisión. Por outra, ten aínda unha porcentaxe, case testimonial, no accionariado de Vicigasa (cines Valle Inclán, de Santiago).

Remate

Coa palabra correspondente en tempo verbal, “rematou”, acabábanse algúns dos filmes producidos por Ruppen. Era unha manifestación gráfica diferenciadora do “fin” castelán. No noso remate a este recordo, metade investigador, metade saudoso, retornamos á idea do encabezamento. O cine producido á marxe das canles ordinarias de produción, sen unha infraestrutura de exhibición que o recibise, nas augas mestas de cultura e política que corrían por España nos derradeiros anos do franquismo e nos primeiros da década seguinte, só pode ser enxuciado coas verbas de “entrañable utopía”. O traballo “por amor ó arte (cinematográfico)”, que xustificaba aqueles filmes, cheos de entusiasmo e de proselitismo, volvémo-lo atopar, hoxe, nas obras que realizan os creadores vencellados á EIS (Escola de Imaxe e Son) da Coruña.

Santiago, setembro de 1998

APÉNDICE

Filmes producidos por V. Ruppen

- Arredor*, de C.L. Piñeiro (1974), en Super-8
- A fala do muiño mudo*, de C.L. Piñeiro (1974), en Super-8
- Illa*, de C.L. Piñeiro (1975), en 16 mm.
- Fendetestas*, de A.F.Simón (1975), en 35 mm.
- O cadaleito*, de E.R. Baixeras (1976), en 35 mm.
- O herdeiro*, de M. Gato (1976), en 35 mm.
- O pai de Migueliño*, de M. Castelo (1976-1977), en 35 mm.
- Malapata*, de C.L. Piñeiro (1980), en 16 mm.

As obras de Piñeiro parten de guións orixinais, mentras que as demais (agás *O herdeiro*) son transposicións de relatos de autores galegos: W. Fernández Flórez, A. Fole, A.R. Castelao, seguindo unha fórmula que ven dos primeiros tempos do cinema narrativo: busca-la lexitimación do cine como arte coa axuda da literatura. A adaptación de Rodríguez Baixeras era a segunda que facía de Anxel Fole: en 1974, *O documento*, en 16 mm., tiña como fonte outro conto do escritor lugués.

Vistos coa perspectiva do tempo transcurrido, os filmes en 35 son todos eles de temática rural. O mesmo Ruppen é consciente deste feito: “el ruralismo era un mensaje que, sin querer, nos salía, puesto que en el año 75, el 60% de Galicia era rural”.

O ruralismo non era unha eiva, senon tódolo contrario. As películas concorriron a festivais tanto en España como noutros países:

Illa, premio á mellor película e mellor guión nas IV Jornadas de cine independente de Madrid, en 1976.

Fendetestas. Premio do xurado e da crítica no IV Certamen internacional de films cortos Ciudad de Huesca.

O cadaleito. Mikeldi de prata no XVI Certamen internacional de cine documental y cortometraje de Bilbao, en 1977.

O herdeiro. Premio do Instituto de Cultura Hispánica no IV Festival internacional de films cortos Ciudad de Huesca, en 1976.

O pai de Migueliño. Premio da Crítica no V Certamen internacional de films cortos Ciudad de Huesca. Mención especial na XIX Semana internacional de cine de Barcelona, en 1979. Seleccionada nos festivais de Oberhausen e Moscú, en 1977.

Por primeira vez na “historia” do cine en Galicia había unhas obras, producidas por diñeiro galego, concebidas por galegos, e faladas en galego que mostraban no exterior unha imaxe diferente á estereotipada por moitos anos de cultura franquista (tanto a ideolóxica como a que promocionaba o ocio, o turismo).

Ademáis das relacións económicas co cine galego dos anos 70, Víctor Ruppen desenvolveu unha actividade de propagandista en reunións especializadas, como as Xornadas de Ourense, as Xociviga, de O Carballiño, e participou, como membro de comisións institucionais, na valoración de proxectos cinematográficos.

BIBLIOGRAFIA DE REFERENCIA

- Juan Cuesta Pastor, José M^a Folgar de la Calle, “JEDN. José Ernesto Díaz Noriega, cineasta”, *Grial* 80(1983), páxs. 142-154.
- José L. Castro de Paz (coord.), *Historia del cine en Galicia*. A Coruña. Vía Láctea, 1996.
- Emilio C. García Fernández, *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*. La Coruña. La Voz de Galicia, 1985.
- Manuel González, *Documentos para a historia do cine en Galicia. 1970/1990*. A Coruña. Cgai, 1992.
- J. Hernández Les, “Mesa redonda en torno al cine gallego”, *Cinema 2002*, 22 (1976), páxs. 77-81. (Contén, por orde de intervención, opinións de Ruppen, Díaz-Noriega, Castelo, Tages, Piñeiro, Gato e Simón).
- A.L. Hueso, “Galicia”, en J.M^a Caparrós (coord.), *Cine español. Una historia por autonomías. I*. La Pobra de Segur. PPU (Barcelona), 1996, páxs. 265-286.
- Llorenç Soler. *Dunha beira a outra*. Betanzos. Cgai (A Coruña), 1994.
- Xosé Nogueira, *O cine en Galicia*. Santo Tirso. A nosa terra (Vigo), 1997.
- Jaime J. Pena Pérez, José L. Castro de Paz, *La Coruña y el cine II. 100 años de historia. 1936-1995*. A Coruña, Vía Láctea, 1995.

Outras fontes

- Intervencións de V.R. no programa “Galicia no cine”, coordinado por M.A. Fernández, Televisión de Galicia (TVG), 12 de nadal de 1986.
- Entrevista persoal a V.R. o día 9 de setembro de 1998 en Eirís (A Coruña).